


MUXÍA. LITORAL DA RÍA

Adela Leiro, Mon Daporta
xuño 2020



Distancia: 18 km (lineal)
Dificultade: baixa

O litoral de Muxía é abondo longo e variado como para poder facer por el varias camiñadas de distintas lonxitudes e diferentes niveis de dificultade, e numerosas visitas puntuais. Aínda que, sobre todo, na costa exterior, máis abrupta e menos poboada, conta con moi poucos puntos dos que saír ou a onde chegar, o Camiño dos Faros sérvenos como unha importante guía e apoio para poder facer os nosos percorridos.

Muxía acolle un importante patrimonio natural protexido nos LIC/ZEC e ZEPA “Costa da Morte”, e histórico-artístico e etnográfico.

PERCORRIDO

Podemos comezar o roteiro entrando polo Camiño dos Faros desde **O Cereixo** e seguilo ata chegar á Area Grande, ou baixar desde Leis á praia de Area Grande no punto máis achegado ao **rego de Vilariño** para chegar ao punto no que ver como unha estreita canle fluvial se transforma nunha ría, e comezar alí o percorrido, camiñar logo pola **Area Grande** e ver o amplo banco marisqueiro que acolle no seu intermareal, e aproveitando a marea baixa continuar pola area e polas pedras, irregulares e comestas, que son a base dunha parede con alturas de entre tres e cinco metros, que retrasan a marcha pero permiten camiñar pola beira do mar na volta de facelo entre piñeiros e lonxe da auga, para rodear a volta da **Cangrexreira** e o seo que ten detrás, no que se asenta un coído de pequenos bolos, antes de pasar por outro tramo rochoso para entrar na **praia de Leis ou da Barreira**.

Percorremos a praia para subir logo, polas pedras e a beira do cantil, á **punta do Lago** na que se atopa o **faro**, en realidade unha torre de enfiada que forma con outra que está, detrás, no monte, un aliñamento para entrar e saír da ría evitando uns baixos.

Desde a punta baixamos á **praia do Lago** que ocupa e dificulta a saída ao mar do rego de Lago, onde a area forma unha barreira que mantén asolagado o esteiro formando unha lagoa. No final da praia é imposible continuar pola beira, impídeo o cantil elevado e vertical, polo que hai que subir por unha escada de cemento que nos leva a un camiño, bastante esquecido (un anaco do Camiño dos Faros), polo que seguimos cara á dereita para saír máis adiante á estrada. Desde aquí ata a **punta de Merexo** a única posibilidade de seguir é pola estrada ou pola beira dos cultivos. Desde a estrada saen camiños que van cara á costa polos que podemos achegarnos a algúns puntos para ver diferentes detalles da zona que é rochosa, sen accesos, alta e recortada.



A Ría do Porto, no fondo da ría de Camariñas.
Á esquerda o prado de Leis e ao fondo a praia de Area Grande.



Rego de Vilariño

Ao chegar ao desvío ao portiño de Merexo e á piscifactoría, camiñando ao pé do valado da piscifactoría podemos achegarnos á **punta das Chans** desde onde hai panorámicas da ría e da **enseada de Merexo**.

Desde o **porto de Merexo** podemos percorrer a **praia da Ribeira**, pola que é doado ir ata os **Carracíns** e, coa marea baixa, ata **o seo e o coído do Muíño Vello**. De aí en diante, aventurándonos por pedras e monte a través, podemos chegar á **praia dos Muíños**, aínda que o mellor é volver desde os Carracíns á estrada e desde ela, máis adiante, desviarnos para baixar á beira do **río Negro** e ás praias do fondo da enseada de Merexo, outros esteiros recheos de area, os do río Negro e o do **rego de Moraime**, para seguir pola estrada á **praia de Vilaverde- Loureiro** e detrás da **punta Borreiros** á **praia de Borreiros**. No remate desta praia hai un camiño que nos leva a Chorente e á estrada. Non hai camiños para percorrer o **Corpiño de Chorente** polo que desde Chorente collemos o camiño dos Faros para ir a **Espiñeirido** e de alí a **Fornelos**.

De volta en Espiñeirido seguimos polo paseo para pasar pola **Area da Cruz** á **punta da Cruz** e entrar en **Muxía**.

En Muxía facemos un percorrido perimetral pasando polos lugares máis coñecidos da vila: o porto, os secadoiros de congros, a **punta da Barca**, co faro e as pedras milagreiras, o monumento recordatorio da ferida do Prestige... uns 3 km.



Praia de Area Grande



A Cangrexreira



Praia de Leis/A Barreira



Punta de Lago



Praia do Lago. Mide 640 m de lonxitude, na desembocadura do rego de Ozón ou do Lago, que se forma un pouco antes da desembocadura pola confluencia dos regos de Valiño, de Quintáns e de San Martiño



Punta Sartaña



Punta Entreportas



Punta Corpos



Punta das Chans



Punta de Merexo



Praia da Ribeira.



Seo do Muíño Vello



Area das Raias



Río Negro



O río Negro ou rego dos Muíños ten unha pequena ruta acondicionada con muíños restaurados, desde a localidade ata a desembocadura na praia, pola que baixa o camiño dos faros.

As praias dos Muíños ocupan o espazo entre a desembocadura do río Negro e a punta que as separa da praia de Loureiro. Acolleen un bo sistema dunar.



Praia de Area Maior.



Rego de Moraima



Praia de Vilaverde/Loureiro



Praia e punta de Borreiros



As Figueiriñas



O Corpiño de Chorente



Praia e Ínsua de Fornelos



Punta do Petón



Punta do Petón



Praia de Espiñeirido



Pedra da Garza. Area da Cruz.



Muxía, entre os montes Corpiño de Chorente (á esquerda, con 69 m de altura) e O Corpiño (á dereita, con 68 m)



Muxía, porto e praia



Igrexa de Santa María de Muxía



Illotes dos Carreiros



Punta da Barca

Pecha a ría de Camariñas polo sur. Entre as rochas atópanse a Pedra de Abalar, a Pedra dos Cadrís e outras relacionadas con diferentes ritos.

A Pedra de Abalar só podían movela os inocentes. Un temporal desprazouna e rompeu. A pedra dos Cadrís ten un oco polo que pasan os que desexan curarse de males dos cadrís.

As puntas da Barca e o cabo Vilán (ao fondo) pechan a ría de Camariñas





Santuario da Virxe da Barca. Construído no século XVIII a carón dunha antiga capela. Recibe moitas visitas durante todo o ano, algunhas a cumprir cos ritos relacionados cos beneficios das pedras. Conta a tradición que a Virxe chegou a Muxía nunha barca de pedra.

A Romaría da Virxe da Barca é o fenómeno cultural máis importante de todo o ano en Muxía e unha das festas máis grandes que se celebran en Galiza. É unha mestura de actos relixiosos e profanos que xira en torno á historia do Santuario da Virxe da Barca e as peregrinacións a Muxía polo Camiño Xacobeo de Santiago de Compostela a Fisterra e Muxía.

*Nosa Señora da Barca
ten o tellado de pedra;
ben o puidera ter de ouro
miña Virxe, se quixera.
(Popular)*



Vista desde a punta da Barca



Punta e coido da Pel



Punta Bolo do Tarrán



Punta da Pedriña. Antigo secadoiro de congro.



O Coído